



CERTIFICACIÓN

Don FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ, secretario xeral do Concello de Vimianzo (A Coruña).

CERTIFICO:

Que a Alcaldía con data 17-03-2020 , ditou a Resolución 301/2020 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: MEDIDAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19. EXP. 2020/X999/000153

Atopámonos ante unha pandemia de carácter mundial derivada dun tipo de coronavirus, concretamente o COVID-19, que ten un grado superlativo de capacidade de contaxio, se ben por agora non é tan letal porcentualmente como anteriores coronavirus que asolaron zonas máis alleas a UE.

En todo caso, esta situación de crise sanitaria que provoca asímesmo unhas consecuencias catastróficas para o sector económico privado, pode derivar dada a alta taxa de contaxio nun colapso do sistema sanitario en tódalas súas facetas que non podemos calibrar dada a gravidade da situación e aumento exponencial de casos infectados e falecidos.

Isto implica que as administracións locais como servidoras do interese xeral e garantes da seguridade e saúde pública dentro do noso ámbito competencial e en todo caso en coordinación coas administracións territoriais con competencias en materia sanitaria, seguridade e de saúde pública, debemos tomar as medidas máis adecuadas o alomenos fundadas para interromper o gravísimo nivel de propagación e mortandad do COVID-19.

Neste senso, o venres 13 do presente mes adoptouse por esta alcaldía un Decreto para paralizar aquelas actividades que puideran dar lugar á transmisión do virus pechando instalacións públicas municipais e a atención ó pública co fin de paralizar a transmisión do virus no menor tempo posible e por ende producir o menor dano os diferentes sectores afectados. Todo isto na liña transmitida polas autoridades sanitarias estatais e a Xunta de Galicia como administración territorial competente en materia sanitaria.

Así, por Real Decreto Lei 6/2020 de 10 de marzo polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a saúde pública a nivel estatal comenzaron a implementarse actuacións en diferentes senso co fin de paliar esta pandemia e as súas consecuencias económico sociais.

O mesmo venres 13 de marzo, a Xunta de Galicia acordou declarar a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia activando o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia, publicandoo no DOG desa data núm. 50.bis.

O 14 de marzo o Goberno de España declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria mediante Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo no que ademais das medidas de restricción da mobilidade e asunción de competencias transferidas, determina a paralización dos procedementos administrativos e dos prazos dos mesmos así como os procesales e a suspensión dos prazos de prescripción e caducidade de accións das entidades do sector público ata o alzamento da declaración do estado de alarma.

Por último, no DOG núm. 51 de 15 de marzo publícase a *RESOLUCIÓN do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 que en liña coas anteriores actuacións promove o menor*



desplazamento e presenza física das dependencias das administración autonómicas e local impoñendo como medida xeral o teletraballo ou a interrupción de funcións en caso contrario, garantindo a prestación de servizos esenciais debendo estar localizables en todo momentos os empregados públicos e remitindo a atención ó público de carácter telefónico sen perxuízo das excepcións previstas que deberán adecuarse ós servizos que se consideran esenciais:

As vinculadas a funcións tales como a seguridade, mantemento de edificios, comunicacións e outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información, pagamento a provedores, habilitacións, gardaría forestal e ambiental, centros de recuperación da fauna e razas autóctonas, as propias do servizo de gardacostas de Galicia, servizos de alertas sanitarias en todas as súas modalidades, servizos de inspección de saúde pública e inspección ambiental, servizos de prevención e extinción de incendios de Galicia, así como todas aquelas que determinen os órganos directivos por considerárense necesarias para garantir a continuidade das funcións básicas.

Todas estas medidas están destinadas a paralizar a evolución da enfermidade e tendo en conta a potestad autoorganizativa das entidades locais contemplada no artigo 4 da LBRL e a miña atribución como xefa do persoal do concello, sen perxuízo das asuncións estatais derivadas do decreto de declaración do estado de alarma, considero que se ben sería de aplicación directa a normativa citada e pertinente ditar unha resolución protocolaria unha vez reunidos os diferentes departamentos municipais para dar solidez ó novo escenario ante o cal nos atopamos sen perxuízo das actualizacións, instrucións e comunicación que iran xurdindo dada a dinámica e grave coxuntura actual que irá dirixindo a implementación de diferentes medidas que esixen un sacrificio de todos para poder extinguir máis pronto que tarde esta pandemia global.

Asímesmo recoméndase pola Subdelegación do Goberno no día 17 de marzo de 2020 a activación das Juntas Locales de Seguridade co fin de coordinar eficazmente as policía locais coas forzas e seguridades do Estado.

Por tanto, e ó amparo das atribucións conferidas polo artigo 21.1.h) e m) da Lei 7/85 de 2 de abril e o Real Decreto 1087/2010 de 3 de setembro, resolvo:

PRIMEIRO.- Todos os empregados públicos cuxas función permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende os seus domicilios na modalidade de teletraballo sen perxuízo da organización dos diferentes departamentos en base as necesidades que poidan xurdir e a permanente localización e comunicación cos traballadores afectados.

SEGUNDO.- En todo caso, manteranse tódolos servizos municipais debendo haber unha persoa por departamento se fose posible dadas as circunstancias persoais, de xeito que se leven a cabo as escasas tramitacións que poideran producirse tendo en conta a paralización dos procedementos administrativos dos diferentes entes que compoñen o sector público.

TERCEIRO.- Os servizos de carácter sanitario e de asistencia social deberán permanecer físicamente no lugar de traballo turnándose se fose preciso seguindo as directrices protocolarias marcadas pola Xunta de Galicia e pola concellalía competente da área.

CUARTO.- Consideranse servizos esenciais o sinalados no preámbulo desta resolución así como os servizos mínimos establecidos no artigo 26.1 da Lei 7/85 de 2 de abril e os servizos de benestar social e atención á persoa vulnerables.

QUINTO.- No caso de que a prestación do servizo requira a presenza física polo seu carácter esencial, a respectiva concellería delegada en consenso co departamento correspondente establecerá quedas



necesarias para garantir a prestación do servizo e minimizar o risco de contaxio laboral reordenando espazos se fara preciso.

SEXTO.- Suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos desta administración municipal. O cómputo dos prazos reanudarase no momento de perda de vixencia do estado de alarma decretado polo goberno español.

SÉPTIMO.- Quedan suspendidas tódalas reunións de órganos colexiados municipais agás as que sexan autorizadas por razóns de interese xeral pola Alcaldía desta corporación durante o prazo de vixencia do estado de alarma.

OITAVO.- Quedan suspendidas as licitacións e as celebracións de tódolos procesos selectivos en curso ata nova comunicación.

NOVENO.- Dar publicidade a esta resolución mediante a inserción de certificado da mesma no taboleiro de anuncios municipal e a sede electrónica deste concello dando conta ós diferentes departamentos municipais e os representantes dos traballadores.

DÉCIMO.- Estas medidas están supeditadas a evolución da actual situación de crise derivada da pandemia e a consecuente declaración do estado de alarma en España sen perxuízo de modificalas ou suprimilas á vista do devenir das circunstancias existentes.

DÉCIMOPRIMEIRO.- Crear a Comisión de seguimento das actuacións a realizar e coordinar en relación coa crise sanitaria derivada da pandemia xerada polo COVID 19 e convocala periódicamente ás 9:30 dos luns vindeiros estando composta por esta Alcaldía, concelleiros competentes das áreas afectadas, policía local e Secretario ou funcionario presente no caso de imposibilidade de acudir do primeiro.

Do mesmo xeito convocar periódicamente a Xunta Local de Seguridade co fin de coordinar a Policía Local coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e a Garda Civil ás 10:00 horas dos luns vindeiros. Esta periodicidade poderá ser modificada segundo as circunstancias que se vaian producindo derivadas da evolución desta pandemia. A composición será a prevista no RD 1087/2010 de 3 de setembro sendo presidida pola Alcaldesa da Corporación en ambos casos.

DÉCIMOSEGUNDO.- Dar conta desta resolución na primeira sesión de pleno ordinario que se celebre.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

O secretario

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)”

E para que así conste, por orde e co visto e praxe da Sra.alcaldesa, expido esta certificación, en Vimianzo.

A Alcaldesa

O secretario

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)